

MUFACE

Plan de Formación 2026

11/03/2026

Na xuntanza celebrada hoxe coa Administración para negociar o Plan de formación 2026, a CIG levamos á mesa propostas moi concretas para corrixir as carencias que vimos no documento:

- Garantir polo menos un curso ao ano para quen o solicite.
- Implantar un plan de formación para a xente de novo ingreso ou que chega a Muface a través dun concurso ou reingreso, para que non dependan do esforzo dos compañeiros para formarse.
- Dar prioridade na selección do alumnado a quen recibise menos formación nos dous últimos anos e non usar só a antigüidade.
- Crear un ficheiro de docentes transparente onde se esixa calidade e boas avaliacións.

A Administración vai ver como encaixar as propostas que lle fixemos no Plan e nuns días enviará a proposta de Plan definitiva.

O momento máis crítico chegou ao falar de cartos. Dende a CIG propuxemos usar a instrución da CECIR para subir o importe das dietas de aloxamento se o curso se fai en Madrid. A resposta da Administración foi que non hai orzamento para asumilo.

Parécenos inaceptable. Se queremos facer cursos presenciais como vai pagar un hotel unha persoa do grupo C1 cunha dieta oficial de 49 euros? Se non solucionan isto, asistir a un curso presencial fóra da túa provincia vai ser un luxo e unha barreira económica en toda regra.

Polo de agora librámonos deste problema porque a inmensa maioría dos cursos deste ano van ser a distancia. De feito, contáronnos que no plan só haberá un único curso presencial a nivel nacional, dirixido en aos secretarios e secretarias xerais.

De todos os xeitos, a Administración tomou nota de todo e comprometeuse a revisar o plan para ver como poden encaixar as nosas demandas. Veremos en que queda.

Polo demais, o borrador inicial de Muface para este ano segue as liñas do Plan do 2025. Prevé 29 cursos con materias comúns, específicas de cada departamento, riscos laborais e habilidades sociais. Algúns exemplos de temas que nos tocan de preto no día a día son:

- Atención ao mutualista.

- Ciberseguridade.
- Intelixencia artificial aplicada ao traballo administrativo.
- Igualdade de xénero.

Tamén revisamos á memoria de formación do 2025. Os datos foron bos: fixéronse case todos os cursos previstos (39 en total) e o persoal deulle á formación un 6,71 sobre 10 de nota media.

A xente valorou moi ben o útiles que foron as clases e o nivel do profesorado. Iso si, a memoria tamén deixa claro que cada vez hai máis ganas de volver aos cursos presenciais... o que nos devolve ao problema das dietas que a Administración terá que solucionar si ou si.